

ANUNCIO Nº3 DO TRIBUNAL

O Tribunal de selección do proceso selectivo para a formación mediante concurso libre de dúas listas de aspirantes para futuras coberturas como funcionario/a interino/a ou persoal laboral temporal cunha categoría equivalente de prazas de psicólogo/a e/ou técnico/a de intervención (A2; escala de administración especial; subescala: técnica) nomeado mediante Resolución de alcaldía 1362/2021, ACORDOU NA SESIÓN DE DATA 16.12.2021:

PRIMEIRO.- Logo de ver as solicitudes, relativas ao anuncio de data 26.11.2021 do tribunal, presentadas por dúas aspirantes: Raquel González Borrajo en data 03.12.2021 co R.E. núm. 202199900003757, de hora posterior á sesión do tribunal da mesma data e da que o tribunal tivo constancia o 16.12.2021; e Maite Sio Docampo en data 13.12.2021 co R.E. núm. 202199900003811, que o tribunal coñeceu en data 16.12.2021.

Tendo en conta que na sesión de data 24.11.2021 o tribunal acordaba publicar os seus acordos de dta 17.11.2021 e 24.11.2021 e conceder un prazo de dous días hábiles ás persoas aspirantes para a presentación das emendas enunciadas e que segundo a base quinta in fine certas resolucións do proceso, entre as que se atopan as do tribunal, “*serán expostas no taboleiro de edictos e publicadas na páxina web do concello*”. O tribunal comproba que por unha falla técnica-informática allea á súa vontade e que contradí o acordo do tribunal, o anuncio do 26.11.2021 consta publicado na web dende o 26.11.2021 pero exposto no taboleiro de anuncios (isto é, na sede electrónica do Concello) só das 14:00:00 ás 23:59:59 horas do día 26.11.2021. Así consta no xustificante de publicación cuxa captura se incorpora á acta.

Entendendo que o anterior contradí o seu propio acordo do 26.11.2021 e vulnera o principio de publicidade que preside a súa actuación e o proceso, acorda por unanimidade que debe outorgarse un novo e único prazo común para todas as emendas, de xeito que durante todo o período habilitado polo tribunal para a emenda o seu acordo está a disposición das persoas aspirantes na web e no taboleiro de anuncios. Respéctase así o establecido nas bases e un igual tratamento a todas as persoas interesadas, garantindo os seus dereitos, retrotraendo o proceso ao momento de vulneración daqueles, mais incorporando tamén as emendas detectadas na sesión de data 03.12.2021 para unificación e simplificación de trámites.

SEGUNDO.- Outorgar un novo e único prazo común de 2 días hábiles para as emendas das solicitudes, advertindo ás persoas aspirantes que:

1. Conforme á base 7.3. parágrafo 5º a documentación achegada na emenda só é susceptible de valoración se é de data previa ao último día de presentación de instancias porque “Non se terán en conta, nin serán obxecto de valoración, aqueles méritos que non teñan sido achegados nin debidamente acreditados, na forma e con arranxo aos criterios e prazo sinalados nestas bases. Así, aqueles que se acheguen ou acrediten fóra de prazo sinalado, serán considerados como achega de documentación fóra de prazo e, polo tanto, non susceptibles de valoración; sen prexuízo dos supostos excepcionais nos que, previo acordo expreso do Tribunal, se poida requirir aclaración, documentación/información aclaratoria e/ou adicional sobre outra anterior achegada en prazo”.
2. Aquelas persoas que nada presentaron nos trámites previos poderán presentar agora a documentación ou alegacións que estimen convenientes. Aquelas persoas que presentaron previa documentación de emenda poderán optar por presentala novamente xunto con aquelaoutra documentación ou alegacións que estimen, ou achegar un mero escrito/solicitud xeral reiterándose no xa aportado.

PRAZA DE PSICÓLOGO/A

Apelidos e nome	Observacións
Álvarez Naya, Anxela	Deberá aportar os contratos coa Asociación Arela (só achega a prórroga) e o da Asociación Encontro no que consten acreditadas as categorías profesionais ocupadas e que nos ditos postos se realizaron funcións de intervención familiar para unha Administración pública (base 7.1.3).
Ares Calvo, Claudia	Deberá acreditar a superación das probas selectivas alegadas, achegando o certificado que acredite a nota, que o posto sobre o que versaba era de educador familiar ou destinado á implementación ou exercicio de programas de educación/intervención familiar, e que non se trata de probas de ofimática ou idiomas (base 7.3 parágrafo 3º).
Castro Tajés, Sandra	Deberá acreditar que o posto do exercicio aprobado no Concello de Cabanas versa sobre educación/intervención familiar ou

	implementación/exercicio de programas relativos ao dito ámbito profesional (base 7.3).
Díaz Varela, Marta	Deberá acreditar que a experiencia no Concello de Betanzos e no Concello de Sada se corresponde cun programa de intervención familiar (base 7.1.1). Deberá acreditar: que o posto dos exercicios aprobados na Deputación de A Coruña, no Concello de Betanzos e no Concello de A Coruña versan sobre educación/intervención familiar ou implementación/exercicio de programas relativos ao dito ámbito profesional; e a superación de probas no Concello de Sada achegando o certificado de notas e que a praza versa sobre educación/intervención familiar ou implementación/exercicio de programas relativos ao dito ámbito profesional (base 7.3 parágrafo 3).
Fernández Álvarez, Lucía	Deberá acreditar que o posto dos exercicios aprobados nos Concellos de Betanzos, Sada e Cabanas versan sobre educación/intervención familiar ou implementación/exercicio de programas relativos ao dito ámbito profesional (base 7.3 parágrafo 3º).
Franco García, Marta	Deberá acreditar que a experiencia nas Fundacións se corresponde cun traballo realizado para unha Administración Pública realizando funcións de intervención familiar (base 7.1.3.). Deberá acreditar que o mestrado é un título homologado (base 7.2).
Garrido Miguéns, Cristina	Deberá acreditar que o posto do exercicio aprobado no Concello de Cabanas versa sobre educación/intervención familiar ou implementación/exercicio de programas relativos ao dito ámbito profesional (base 7.3 parágrafo 3).
Lema Porteiro, Teresa	Deberá acreditar que o posto do exercicio aprobado no Concello de A Coruña versa sobre educación/intervención familiar ou implementación/exercicio de programas relativos ao dito ámbito profesional (base 7.3 parágrafo 3). Deberá aportar certificado da nota acadada nas probas de educadora da Xunta de Galicia (base 7.3 parágrafo 3).
Toimil Bujones, Laura	Deberá aportar certificado de notas do Concello de Arzúa e certificado de notas do Concello de Cariño (base 7.3 parágrafo 3).
Varela Tato, Alba	Deberá acreditar se o tempo traballado en Andaina Pro Saude Mental se corresponde cun traballo realizado para unha Administración Pública realizando funcións de intervención familiar (base 7.1.3.). Deberá acreditar que os postos dos exercicios aprobados no Concello de Cabanas e na Deputación de Pontevedra versan sobre educación/intervención familiar ou implementación/exercicio de programas relativos ao dito ámbito profesional (base 7.3 parágrafo 3).

PRAZA DE TÉCNICO/A DE INTERVENCIÓN FAMILIAR

Apelidos e nome	Observacións
Álvarez Naya, Anxela	Deberá aportar os contratos coa Asociación Arela (só chega a prórroga) e o da Asociación Encontro no que consten acreditadas as categorías profesionais ocupadas e que nos ditos postos se realizaron funcións de intervención familiar para unha Administración pública (base 7.1.3).
Adega Piñón, María	Deberá achegar certificado de superación de probas nos concellos de As Pontes e Miño segundo a base 7.3. parágrafo 3º.
Anso Napal, Miren	Deberá aportar o certificado da Administración Pública para a que se realizaron funcións de intervención familiar cos contratos da Cruz Vermella (base 7.1.3).
Ares Calvo, Claudia	Deberá acreditar a superación das probas selectivas alegadas, achegando o certificado que acredite a nota, que o posto sobre o que versaba era de educador familiar ou destinado á implementación ou exercicio de programas de educación/intervención familiar, e que non se trata de probas de ofimática ou idiomas (base 7.3 parágrafo 3º).
Bejarano Domínguez, Laura	Deberá acreditar que no tempo traballado no Concello de Oleiros prestou servizos en programas de intervención familiar (base 7.1.1).
Cabarcos Bermúdez, Delia	Deberá aportar o certificado de vida laboral e o certificado debidamente asinado (o achegado non é un documento dixital válido) polos servizos prestados no Concello de Muras como orientadora laboral en programas de intervención familiar, así como o certificado de servizos no Concello de As Pontes (base 7.1). Deberá achegar certificado de superación de probas no concello de Miño segundo a base 7.3. parágrafo 3º
Castro Tajés, Sandra	Deberá acreditar que o posto do exercicio aprobado no Concello de Cabanas versa sobre educación/intervención familiar ou implementación/exercicio de programas relativos ao dito ámbito profesional (base 7.3).

Del Cura Sanjuan, Elena	Deberá aportar o certificado da Administración Pública para a que se realizaron funcións de intervención familiar co contrato de Cáritas do 23/10/13 ao 30/09/14 (base 7.1.3).
Fernández Álvarez, Lucía	Deberá acreditar que o posto dos exercicios aprobados nos Concellos de Betanzos, Sada e Cabanas versan sobre educación/intervención familiar ou implementación ou exercicio de programas relativos ao dito ámbito profesional (base 7.3 parágrafo 3º).
Franco García, Marta	Deberá acreditar que a experiencia nas Fundacións se corresponde cun traballo realizado para unha Administración Pública realizando funcións de intervención familiar (base 7.1.3.). Deberá acreditar que o mestrado é un título homologado (base 7.2).
García Martínez, Iria	Deberá aportar o certificado asinado (o achegado non é un documento dixital válido) que acredite os servizos prestados como educadora familiar no Concello de Valdoviño (base 7.1). Deberá aportar o certificado coa nota ou acreditación da superación da proba selectiva de educadora na Xunta (base 7.3 parágrafo 3º).
Garrido Miguéns, Cristina	Deberá acreditar que o posto do exercicio aprobado no Concello de Cabanas versa sobre educación/intervención familiar ou implementación/exercicio de programas relativos ao dito ámbito profesional (base 7.3 parágrafo 3).
González Borrajo, Raquel	Deberá aportar os certificados dos servizos prestados nos Concellos de Carral e Boiro acreditativos de que nos ditos postos se realizaron funcións de intervención familiar (base 7.1.1).
González Moreno, Mónica	Deberá aportar os certificados de servizos prestados do Concello de Carballiño e da Deputación de Pontevedra acreditativos de que nos ditos postos se realizaron funcións de intervención familiar (base 7.1.1).
Lage Vila, Lucía	Deberá achegar certificado de superación de probas no concello de Mondoñedo segundo a base 7.3. parágrafo 3º
López Pérez, Teresa	Deberá aportar o certificado de servizos prestados no Concello de Cambre acreditativo de que no disto posto se realizaron funcións de intervención familiar (base 7.1.1).
López Saavedra, María Aser	Deberá aportar o certificado de servizos prestados no Concello de Chantada acreditativo de que no disto posto se realizaron funcións de intervención familiar (base 7.1.1).
Pérez Calvo, Verónica Eva	Deberá aportar o certificado de servizos prestados no Concello de Cambre acreditativo de que no disto posto se realizaron funcións de intervención familiar (base 7.1.1).
Sío Docampo, Maite	Deberá aportar o certificado de servizos prestados no Concello de Laracha acreditativo de que no disto posto se realizaron funcións de intervención familiar (base 7.1.1). Deberá aportar o certificado da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia acreditativo de que as funcións en Aldeas Infantiles SOS se prestaron para tal Administración (base 7.1.3). Deberá acreditar que as funcións dos postos das probas de oposición no Concello de Redondela e Laracha eran de educadora familiar ou destinadas á implementación/exercicio de programas de educación/intervención familiar (base 7.3 parágrafo 3º).
Varela Tato, Alba	Deberá aportar o certificado da Administración Pública acreditativo de que as funcións en Andaina Pro Saúde Mental se corresponden con funcións de intervención familiar prestadas para tal Administración (base 7.1.3.). Deberá acreditar que os postos dos exercicios aprobados no Concello de Cabanas e na Deputación de Pontevedra versan sobre educación ou intervención familiar ou implementación/exercicio de programas relativos ao dito ámbito profesional (base 7.3 parágrafo 3).
Villasenín Bello, Rocío	Deberá aportar a certificación do Concello de Ordes relativa a que o traballo na empresa privada (Cáritas) versa sobre funcións de intervención familiar para a dita Administración pública (base 7.1.3).

Asinado dixitalmente pola secretaria do Tribunal Lara Otero Díaz.